BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Xoves, 19 de novembro de 2026
Núm. 224

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MODIFICACIÓN DAS BASES DE CONVOCATORIA PARA O POSTO DE CAPATAZ DE CONSTRUCIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2026

ANUNCIO DE MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2026.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 13/11/2026 acordou aprobar a modificación das bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2026, para o posto de traballo de Capataz de construción, e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do número 5 da Base 5.ª («Requisitos básicos») das bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2026, para a categoría de CAPATAZ, substituíndo o prazo de «36 meses» polo de «24 meses», de xeito que o citado requisito quede redactado nos termos seguintes:

«Non ter sido persoal contratado por este Concello con data fin de contrato, cando menos 24 meses antes da solicitude de persoas candidatas ao Servizo Público de Emprego de Galicia, en ningún dos seguintes programas: VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, Plan Municipal de Emprego, ou cun contrato temporal ou de interinidade.»

Segundo.- Manter inalterados os restantes requisitos básicos e específicos, así como o resto das condicións das bases reguladoras do Vigo Emprega 2026.

Terceiro.- Dispoñer a publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia e Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:F6RCN29EFBNER5UT

Cuarto.- Encomendar ao servizo xestor que adopte as medidas procedimentais necesarias para garantir a igualdade de oportunidades das persoas interesadas, incluíndo, se procede, a reapertura ou ampliación do prazo de remisión e presentación de candidaturas para a ocupación de capataz.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio,Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude (Resolucións de Alcaldía de 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025). - Ana María Mejías Sacaluga .

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:F6RCN29EFBNER5UT